

Luns, 7 de outubro de 2024

Núm. 195

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MEIS****Persoal, oposicións***CONVOCATORIA LISTAXE PERSONAL FUNCIONARIO INTERINO AUXILIAR ADMINISTRATIVO**ANUNCIO*

CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (SUBGRUPO C2) DO CONCELLO DE MEIS NOS SUPOSTOS REGULADOS NO ART. 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO

Na Resolución de Alcaldía 2024-0529, do 25/09/2024, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras para confeccionar unha listaxe para a cobertura de prazas de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral (Subgrupo C2), como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo procedemento de oposición libre.

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo será de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando cumpra de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases da convocatoria.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín da Convocatoria, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición



Luns, 7 de outubro de 2024

Núm. 195

potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, na data da sinatura electrónica. A Alcaldesa – Asdo. Marta Giráldez Barral.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:G3LJ6N4AVSGUUCQ0

